

1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: ría de Aldán e Costa da Vela. Municipio: Cangas. Parroquias: Santo André de Hío. Extensión: 0,78 km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Tramo costeiro caracterizado polos potentes acantilados de perfil convexo, con pequenos enclaves sedimentarios na súa base, sucados por valgadas que aproveitan as liñas de debilidade tectónica. Dende o punto de vista morfolóxico, o terzo norte da unidade diferénciase do resto da vertente en que aquel está modelado sobre materiais graníticos que lle dan ao relevo un aspecto masivo e con abundancia de afloramentos rochosos, mentres que esta ten un substrato metamórfico que lle dá á paisaxe un perfil máis regularizado. En todo caso, as pendentes son pronunciadas con tramos semiverticais. Inclúe o EIX Relevo acantilado da Costa da Vela.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

O terzo setentrional desta franxa de costa caracterízase por unha litoloxía formada por granitos de afinidade alcalina profusamente fragmentados. En cambio, o centro e o sur caracterízanse polas rochas metamórficas propias do Complexo de Cabo Home–A Lanzada, entre as cales predominan os micaxistos, os cuarxistos e os paragneises. Entre eles, e tomando unha disposición norte–sur, atópanse bandas illadas de areíscas e cuarcitas paralelas, á súa vez, a algúns afloramentos de rochas filonianas. Os redutos de materiais cuaternarios restrínxense aos depósitos coluviais do norte, cerca do monte Facho, e son o resultado do desmantelamento dos relevos graníticos circundantes.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa acantilada de ambiente climático cálido e húmido: precipitacións medias entre 1200 mm e 1400 mm, temperaturas suaves que acadan valores medios anuais por riba de 15 °C e amplitude térmica anual entre 12,5 °C e 13,5 °C. O monte Facho, ao norte, recibe maiores precipitacións, e pode chegar a acadar os 1600 mm (dominio tamén cálido, pero moi húmido).

OS SOLOS

Costa acantilada en que dominan as vertentes de pendente pronunciada e sometidas a unha intensa dinámica erosiva, o que dá lugar a solos pobres, pouco desenvolvidos, de perfil esquelético e con abundancia de afloramentos rochosos no horizonte superior. Dominan os leptosoles líticos e os regosoles.


AS AUGAS

A Costa da Vela caracterízase polos seus pronunciados acantilados, baixo os cales algúns arrosios temporais chegan ao mar en forma de pequenas valgadas. As augas costeiras desta unidade quedan definidas polo código 20156.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Medio mariño das Rías Baixas. Unidade incluída no LIC Costa da Vela. Acantilados moi potentes onde aparecen os hábitats 1230 (acantilados mariños atlánticos) e 1210 (vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados). Sobre as paredes desenvólense, sobre todo, breixeiras secas costeiras atlánticas de *Erica vagans*. No extremo norte da unidade, tamén é posible atopar unha zona asimilable ás breixeiras oromediterráneas endémicas con toxo. Tamén se pode desenvolver a breixeira seca europea (4030). Na parte norte, onde afloran os materiais graníticos, e no extremo sur, a superficie rochosa permite falar dos ambientes do grupo 82 de hábitats (pendentes rochosas con vexetación casmofítica). A presenza dalgunhas furnas e bufadeiros engade o hábitat 8330, furnas mariñas mergulladas e semimergulladas.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Esta fronte acantilada da Costa da Vela está cuberta nunha elevada porcentaxe por formacións vexetais costeiras, entre as que predominan as breixeiras secas. Forman unha cuberta case continua que só se ve interrompida por unha masa de pouca entidade de árbores de repoboación, sobre todo piñeiros. Nos grandes acantilados percíbese a presenza dalgunhas covas ou furnas.

MORFOLOXÍA

Na actualidade, non existen asentamentos de poboación na unidade. As edificacións máis relevantes son de tipo utilitario. Destacan, entre outras, o faro de Cabo Home, a garita de vixilancia do monte Facho e algunhas construcións pertencentes ao núcleo tradicional de Donon.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Dentro dos límites da unidade só destaca un camiño de terra que discorre paralelo á costa de norte a sur e une o núcleo de Donon co Faro de Cabo Home.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O principal patrimonio catalogado atópase no monte Facho. Trátase dos restos do asentamento castrense de Beróbiga, do século IV a.C., onde se localizan case cincuenta castros circulares e un gran número de pedras provenientes das vivendas e murallas que rodeaban o recinto. Preto da aldea de Donón podemos atopar os petróglifos de Tombo dos Visos.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Xunto coa unidade Costa de Soavela, constitúe a fachada acantilada da Costa da Vela. Atopámonos na parte máis occidental da península do Morrazo, na zona terrestre máis próxima ás illas Cíes. Trátase dunha paisaxe aberta ao Atlántico, comprendida entre punta Robaleira e punta Vixia, marcada pola súa gran naturalidade debida aos seus grandes acantilados e á súa diversidade de flora e fauna.

DINÁMICA DA PAISAXE

As condicións naturais desta costa limitaron as dinámicas da paisaxe. Cómpre destacar a ampliación do camiño principal que percorre a unidade e a adecuación dun aparcadoiro nas proximidades do núcleo de Donón. Así mesmo, destaca a aparición dalgunha vivenda nos límites da unidade, pertencentes ao núcleo de poboación.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A inmensidade do océano Atlántico e a fronte litoral con abruptos acantilados, así como a extraordinaria beleza escénica en que se enmarcan, outórganlle ao espazo natural un excepcional valor paisaxístico. Dentro deste espazo natural atópase o mítico monte Facho, co seu interesantísimo poboado castrexo no cumio. Os seus escasos 160 m sobre o nivel do mar non impiden obter excepcionais panorámicas que abarcan dende Cabo Silleiro (en Baiona) recorrendo toda a bocana da Ría de Vigo, as Illas Cíes, a Ría de Pontevedra coas illas Ons, toda a Costa da Vela e hasta o Cabo Fisterra. Por esta ampla panorámica este lugar é un bo punto de observación didáctico. Destacar tamén a visibilidade dende o Faro de Cabo Home próximo á punta Robaleira.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Non existen ámbitos de recualificación nesta unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de identidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



